



**CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA**

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Tlf: 981 540 640
info@crtvg.es www.crtvg.gal

Santiago de Compostela, a 20 de maio de 2019

REUNIDOS:

Dunha banda, **CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.** (**CORPORACIÓN RTVG**, con enderezo social no Centro Emisor de San Marcos, sen número, Santiago de Compostela, C.I.F. A-15073349; representada neste acto polo seu Director xeral don **Alfonso Sánchez Izquierdo**, nomeado para o devandito cargo por Acordo de 4 de xaneiro de 2016 do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., en virtude das competencias e funcións atribuídas polo artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e polo artigo 22 dos estatutos sociais.

Doutra banda, o **ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, representado polo Excelentísimo e Reverendísimo Sr. D. **Julián Barrio Barrio**, Arcebispo de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN:

Primeiro.-

Que o ***Arcebispo de Santiago de Compostela*** organizará no presente ano 2019, como é tradicional, as seguintes celebracións litúrxicas e pastorais: a Eucaristía da Ofrenda Nacional (o día 25 de xullo de 2019) e os actos da Festa da Traslación dos restos do Apóstolo Santiago, día 30 de decembro de 2019.

Debido ás obras de restauración que se están a facer na S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela, todas as celebracións litúrxicas e pastorais que se leven a cabo mentres duren as devanditas obras desenvolveranse na Igrexa de San Martiño Pinario en Santiago de Compostela.

Segundo.-

O ***Arcebispo de Santiago de Compostela*** considera que a gravación e difusión destes cerimoniais debe realizarse por unha soa televisión, e dados os antecedentes da boa relación entre a ***Corporación RTVG*** e o ***Arcebispo de Santiago de Compostela*** habida noutras moi diversas ocasións, o ***Arcebispo de Santiago de Compostela*** convén en escoller á ***Corporación RTVG***, para levar a cabo a gravación e transmisión dos principais actos litúrxicos e pastorais que se desenvolvan na Igrexa de San Martiño Pinario

Á vista do exposto ambas partes,

ACORDAN:

PRIMEIRO.-

O **Arcebispo de Santiago de Compostela**, recoñece á **Corporación RTVG** a exclusividade como a emisora de televisión, que gravará e transmitirá a Eucaristía da Ofrenda Nacional ao Apóstolo Santiago no ano 2019 na devandita igrexa de San Martiño Pinario. A retransmisión doutros actos litúrxicos ou pastorais de especial relevancia ou interese que se poidan organizar –durante o presente ano- nese templo ou no seu entorno serán determinados pola Comisión mixta á que se refire no acordo sétimo.

A estes efectos, o **Arcebispo de Santiago de Compostela** autoriza a instalar no interior da citada igrexa de San Martiño Pinario as cámaras e demais medios técnicos necesarios para realizar a transmisión coa maior calidade técnica, en coordinación coa persoa que designe o Arcebispo.

SEGUNDO.-

A **Corporación RTVG** fará os máximos esforzos para difundir as devanditas celebracións entre fieis de todo o mundo mediante a súa retransmisión nas súas emisións por ondas terrestres, cable e satélite, así como mediante internet.

TERCEIRO.-

Que en atención a ser recoñecido á **Corporación RTVG** polo **Arcebispo de Santiago de Compostela** a exclusividade antes reservada, a **Corporación RTVG** entregará unha gravación en master das imaxes para o Arquivo do **Arcebispo de Santiago de Compostela**, o Cabildo, o Seminario Maior e, de ser do seu interese, outra para o da Santa Sede.

CUARTO.-

Coa finalidade de acadar a maior difusión posible das celebracións litúrxicas, a **Corporación RTVG** facilitará o acceso das retransmisión que realice a calquera televisión que o solicite, previa comunicación ao **Arcebispo de Santiago de Compostela** e establecemento da contraprestación correspondente se fose necesaria por parte dos receptores da sinal televisiva que facilite **Corporación RTVG**.

QUINTO.-

A **Corporación RTVG** velará que en toda difusión autorizada das imaxes se preserve o espírito relixioso dos actos recoñecéndolle ás outras partes que subscriben o presente convenio a **Corporación RTVG** a propiedade das gravacións audiovisuais resultantes da execución deste Acordo, sen prexuízo das cesións das mesmas establecidas no acordo terceiro.

SEXTO.-

Ambas as partes coordinarán as actividades empresariais que realicen conxuntamente, con respecto ás obrigas que a lexislación vixente establece para ámbalas dúas partes en materia de prevención de riscos laborais, especialmente o disposto na Lei 31/1995, de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais, o Regulamento dos Servizos de Prevención o Real Decreto 39/1997 de 17 de xaneiro, Lei 54/2003 de 12 de decembro de Reforma do Marco normativo da Prevención de Riscos Laborais e o Real Decreto 171/2004 de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

SÉTIMO.-

Crearase unha Comisión mixta composta por tres representantes de cada parte, que se designarán nos tres (3) días seguintes á sinatura do Acordo de colaboración, que terá a finalidade de velar pola aplicación do convido; e acordar de mutuo acordo, se chegase a darse o caso, as retransmisións doutros actos litúrxicos e pastorais.

Na devandita Comisión determinarase o modo en que se realizarán as montaxes dos equipos; concretamente polo que respecta aos horarios, sitios de acceso, controis de seguridade e conservación do patrimonio de acordo cos protocolos establecidos pola Arquidiocese.

OITAVO.-

O **Arcebispo de Santiago de Compostela** recoñécelle á **Corporación RTVG** a calidade de produtor das gravacións, correspóndelle polo tanto á **Corporación RTVG** os dereitos de propiedade intelectual cedidos pola lei especialmente os de comunicación pública por televisión, emitidas por si ou por terceiros, por ondas terrestres, cable e satélite, así como os mesmos dereitos para Internet.



NOVENO.-

A sinatura do presente acordo suporá o consentimento expreso das partes asinantes, para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no acordo, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30, do 15 de febreiro).

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, asinan o presente Acordo de colaboración por triplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data “ut supra”

Pola **Corporación RTVG**



CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA
Dirección Xeral

Asdo.: Alfonso Sánchez Izquierdo
Director Xeral

Polo **Arcebispo de Santiago de Compostela**



O Excmo. e Rvdmo. Sr. D. Julián Barrio Barrio
Arcebispo de Santiago de Compostela